

ESTREA EN NUMAX: 26.08.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Café Society (2016, 96')

Dirección: Woody Allen

Guión: Woody Allen

Reparto: Jesse Eisenberg, Kristen Stewart, Steve Carell, Blake Lively, Parker Posey, Corey Stoll, Jeannie Berlin, Ken Stott, Anna Camp, Gregg Binkley, Paul Schneider

Montaxe: Alisa Lepselter

Dirección de arte: Michael E. Goldman, Doug Huszti

Vestuario: Jennifer Bentley

Son: David J. Schwartz

Música: Stewart Lerman

Fotografía: Vittorio Storaro

Produtora: Amazon Studios, Gravier Productions, Perdido production (Estados Unidos)

Distribuidora: Entertainment One Films Spain

Formato de proxección: DCP 2K, 2.00:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Irrational Man, 2015

Match Point, 2005

Balas sobre Broadway, 1994

Delitos y faltas, 1989

Hannah y sus hermanas, 1986

Zelig, 1983

Manhattan, 1979

Annie Hall, 1977

FESTIVAIS

Estrea en Cannes 2016

(fóra de concurso)

SINOPSE

Hollywood, anos 30. Bobby Dorfman é un mozo con ganas de comer o mundo. O seu desexo, por riba de todo, é dedicarse á interpretación. Coa intención de se facer un oco no mundo do cinema, o rapaz trasládase de Nova York a Hollywood. Alí aproveita os contactos do seu tío Phil Stern, un feroz e todopoderoso magnate da industria do cinema.

«Romántica e serpenteante, *Café Society* pon en xogo varios focos de nostalgia. Marabilloso treito final. A escrita de Allen aínda é quen de lograr milagres»

Manu Yáñez. FOTOGRAMAS



«A vida é unha comedia escrita por un guionista sádico»

Entrevista a Woody Allen

Por Hugues Dayez

Logo de ter realizado máis de corenta filmes a pregunta é sinxela, como atopa novas ideas? As ideas son fáciles, é a posta en escena desas ideas o que trae os problemas. Durante o ano teño moitas ideas pero cando tento escribilas a meirande parte das veces non sae ben e descártoas. Mais de cando en vez avanza e sei que poden dar lugar a un filme.

Vostede vive e traballa en Manhattan, moi lonxe do mundo de Hollywood, que é o que lle resulta tan atraínte da idade de ouro de Hollywood en *Café Society*? É o encanto e o glamour dese período. Cando era novo e vivía en Nova York todo o que podía ler de Hollywood, dado que non me era posíbel ir aló, eran estreos de grandes filmes, mulleres magníficas, homes fermosos que ían a clubs nocturnos beber, bailar, cos realizadores, produtores... todo tiña unha aura mítica. Eu adoraba todo iso e realizar filmes que transcorren nese período resúltame divertido, esa recreación do ambiente da época. Outros realizadores teñen asinado filmes sobre a mesma época como os irmáns Coen ou Martin Scorsese, é un período moi sedutor.

Escolleu a Kristen Stewart e Jesse Eisenberg que son actores de nova xeración. Como fai os castings para un filme así, mira moitos filmes doutros directores para atopar o talento dos actores? Gústame ver filmes, o problema é que non hai suficientes películas boas! No tempo no que me criei había milleiros de filmes bos e agora hai moi poucos que paguen a pena ver, mais eu

véooos. Reviso o guión co meu director de cásting e comezamos a lanzar nomes, como se fose un xogo, quen sería bo para tal papel, e falamos moito... e cando saíu o nome de Kristen Stewart os dous pensamos que sería ideal. En cando a Jesse sempre pensei que era o actor perfecto pois a pesar da súa curta idade é quen de interpretar calquera papel con convicción.

Adoitaba traballar cos seus amigos, como Alan Alda ou Diane Keaton, mais nos últimos filmes tenta atopar novas colaboracións? Si, Keaton e máis eu temos traballado xuntos durante anos mais fixémonos vellos e non somos quen de interpretar os mesmos papeis. O papel que lle daba a Keaton era romántico, pois tiveramos unha relación amorosa. Agora é unha muller de máis idade e eu son un home de máis idade e non podemos xogar aos mesmos roles. Para volver contar esa caste de historias teño necesidade de actores máis novos, e Jesse e Kristen son perfectos.

No filme Bobby di: «a vida é unha comedia escrita por un guionista sádico». É esa a súa filosofía? Si, eu non escribo máis que para os meus filmes, mais aquel que é responsábel do guión existencial da vida fai un traballo bastante cruel. Podemos pensar por exemplo no home que engana a súa muller con outra, e logo discuten e el comeza a agochase para vela... nós contemplámolo e podemos rir, porque é divertido. O matrimonio non funciona, a muller é enganada, as súas vidas están baleiras e nós rimos. É bastante cruel. Penso que podemos rir de certas cousas pero cando as vemos de cerca deixan de ser tan sedutoras.

Sabemos que non lle gustan as competicións entre filmes, mais que pensa do festival de Cannes, sobre a súa utilidade, a importancia dun evento coma este nos nosos días? É agradable vir aquí e ver tanta xente á que lle gusta o cinema, non teño a sensación de estar nunha competición, é divertido, o público entusiásmase cos filmes, encóntrome con moita xente da industria que non teño outra ocasión de saudar, teño a ocasión de visitar o sur de Francia que é un lugar marabilloso.

Publicado en www.rtbfb.e/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Conversaciones con Woody Allen, Jean-Michel Frodon. Paidós, 2002
Manhattan, Woody Allen. Tusquets, 1999
Interiores, Woody Allen. Tusquets, 2002
Adulterios, Woody Allen. Tusquets, 2008
Maridos y mujeres, Woody Allen. Tusquets, 2004
Sueños de un seductor, Woody Allen. Tusquets, 2005
Todo lo que usted quiso siempre saber acerca del sexo. Woody Allen. Tusquets, 2003
Woody Allen. Trilogía londinense. Divisa [DVD]
Colección Woody Allen vol 1, 2, e 3. Fox [DVD]
Match Point. Warner Bros [DVD]
Manhattan. Fox [DVD]
Irrational Man. eOne [BluRay & DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME